



DOCUMENTO INFORMATIVO ECOGRAFÍA PARA A VALORACIÓN DA ENDOMETRIOSE PROFUNDA E INSTRUCCIÓN PARA A PREPARACIÓN INTESTINAL

Para visualizar os focos de endometriose a nivel dos órganos pélvicos (útero, ovario, trompas, placas ou nódulos detrás do útero, vaxina, intestino, vexiga...) realizarase en primeiro lugar unha ecografía transvaxinal. Complementarase cunha ecografía abdominal para ver os riles para descartar obstrución do uréter (conduto que comunica o ril e a vexiga).

A predición diagnóstica da ecografía pode variar en función de diversas condicións que dificulten a correcta visualización das lesións (obesidade, presenza de gas intestinal, anomalías anatómicas, presenza de grandes quistes, miomas...). Para poder visualizar correctamente as paredes intestinais é necesario que o intestino estea libre de feces, para o que se debe realizar unha preparación intestinal. Trala administración dos enemas pode aparecer dor tipo cólico.

A endometriose superficial non se diagnostica con este tipo de ecografía.

PREPARACIÓN INTESTINAL

3 días antes da ecografía realizar unha dieta baixa en residuos.

Pode tomar:

- Carnes magras como pito ou pavo sen pel.
- Peixe branco cocido.
- Ovos cocidos ou revoltos.
- Queixos brandos e cremosos.
- Pan branco, arroz branco, e pasta refinada.
- Caldos claros, té e cafés sen leite.

Debe evitar:

- Ensaladas. Verduras, legumes e patacas. Froita.
- Carnes e peixes en salsa. Embutidos.
- Leite, graxas e pasteis.
- Bebidas con gas.

O día anterior á ecografía:

- Cea líquida / cea lixeira: sopa de pasta e/o tortilla francesa.
- Poñer enema Casen 250 ml antes de durmir.

O día da ecografía:

- Acudir en xaxún. Pódese beber auga.
- Non é necesario acudir coa vexiga chea.
- Poñer enema Casen 250 ml pola mañá o día da ecografía, polo menos 3 horas antes.